



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: formalización de contratos e alta na Seguridade Social de 5 peóns de obra pública para o Programa de Integración Laboral (PEL 2019).

Visto que por Resolución de Alcaldía se acordou convocar, con carácter urgente, o proceso selectivo de persoal para a 5 postos na cuadrilla de obras e 4 postos na cuadrilla de limpeza viaria do Programa de Integración Laboral (PEL concellos 2019).

Visto que foi presentada unha oferta de Emprego no Servizo Público de Emprego de Carballo para a contratación de 5 postos de peóns de obra pública con data do 02/05/2019, para a que foron remitidos ao servizo de emprego e desenvolvemento local do Concello de Cabana de Bergantiños un total de 19 Curriculumus Vitae (CV) no formulario da selección da oferta 12-2019-6022.

Realizada a comunicación vía telefónica da recepción dos CV aos candidatos propostos polo SPEG, e visto que rematou o prazo de instancias aberto según o previsto na base 5 das bases aprobadas que rexen o proceso selectivo.

Vistas as actas nº 1 e nº 2 do tribunal de selección da cuadrilla de obras do día 03/07/2019 que inclúen a valoración da fase de concurso e a de oposición, así como a valoración total dos aspirantes e a proposta de adjudicación das prazas e a clasificación por orde decrecente das mesmas.

Visto o decreto nº 356/2019 con data do 08/07/2019 de nomeamento de 5 peóns de obra pública e visto que os adjudicatarios presentaron en forma e prazo a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO**:

Primeiro: dar de alta na Seguridade Social e formalizar o contrato laboral temporal a 5 peóns de obra pública, con data de inicio 22/07/2019 e con unha duración de 4 meses a xornada parcial (5h/día) para a **cuadrilla de obras** aos seguintes aspirantes nomeados:

- Andrade Souto José.
- Cambón Bello Evaristo.
- Fuentes Fuentes José.
- Lema Vázquez Julio.
- Romero García Antonio.

Segundo: publicar este acordo no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal, de conformidade co previsto nas bases de selección.

Terceiro: dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre e dar traslado á intervención e a tesoureiría municipal.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)